



FICHA RESUME

Ano	2009	PE403A 2008/93-1
Entidade	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE LIRA E O PINDO	
Plan explotación⁽¹⁾	MOLUSCOS BIVALVOS	
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO	
Modalidade⁽³⁾	A PE	

Especies	Berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>) e ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>)
Ambito do plan	Praias da Berberecheira e da Lagoa
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
33		
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción						25					
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾											
Modalidade⁽³⁾: A PE											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
					X	X	X	X			X

Topes de captura ⁽⁶⁾			
Especies	A pé (kg/mariscadora/día)	Embarcación	Tripulante/habilitación
Berberecho	10		
Ameixa fina	2		

Artes a empregar	Rastro de berberecho (gancha a pé). Características : 20 mm entre varillas, 32 cm. de duela, 13 dentes de 6,5 mm., 10 cm. de cope. Sacho e rastrillo.
-------------------------	--

Puntos de control	Estrada do Viso e Lagoa
Puntos de venda	Lonxa de Lira

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas	X	X	X	X								
Zonas: Berberecheira e Lagoa												
Extracción semente para resembrar		X	X			X		X	X			
Zonas: Berberecheira												
Especies: Berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>)												
Sementeiras		X	X			X		X	X			

(*) Modificado por Resolución do 30 de xuño de 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños



zonas: a lagoa e superficie productiva da Berberecheira												
Especies: Berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>)												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados		X	X			X		X	X			
Zonas: A Lagoa												
Especies: Berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>)												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos		X	X			X		X	X			
Zonas: Berberecheira												
Especies: Berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>)												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X			X	X			X				
Zonas: Berberecheira e Lagoa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes: Serán 33 mariscadoras a pé (18 da confraría de Lira e 15 da confraría do Pindo).

Especies: non se inclúe a ameixa xaponesa debido aos resultados das mostraxes

Calendario: tendo en conta os resultados das mostraxes realizaas e os datos de capturas do ano en curso, o número de días máximo autorizado queda establecido en 25.

Ampliación: dado a situación do recurso non se considera conveniente acceder á petición solicitada.

Artes: gancha a pé non é unha arte autorizada no Decreto 424/1993, polo que para o seu uso deberá aprobarse un plan experimental.

(*) **Accións a realizar:** A extracción de semente de berberecho poderá realizarse para súa venda a outras entidades asociativas do sector baixo as seguintes condicións:

1ª. Especie e talla de extracción: berberecho (*Cerastoderma edule*) con talla de entre 15 e 22 mm.

2ª. Zona de extracción: praia da Berberecheira

3ª. Período de extracción: 2 xornadas durante o mes de xullo

4ª. Destino do produto: Bancos marisqueiros doutras entidades asociativas do sector

5ª. Cotas máximas de captura: 35 kg/mariscadora/día, ata un máximo de 500 kg en total.

6ª. Punto de control: Estrada do Viso.

7ª. A acción realizarase baixo a coordinación da asistencia técnica e seguindo as indicacións da bióloga de zona.

Tendo en conta que no presente plan de explotación foi incluído ámbito da REMIP-Os *Miñarzos* cómpre facer as seguintes puntualizacións:

1. Dentro das áreas de reserva integral está prohibida a práctica da pesca marítima:

2. O plan foi informado favorablemente polo órgano de xestión, seguimento e control da REMIP-Os *Miñarzos*, na súa reunión do 28 de novembro de 2008, de conformidade co establecido no

(*) Modificado por Resolución do 30 de xuño de 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños



Decreto 87/2007, do 12 de abril modificado polo Decreto 240/2008, do 2 de outubro.

3. O **acceso á reserva mariña e o control** farase de acordo coa Resolución da Dirección Xeral de Recursos Mariños, do 3 de xullo de 2008, pola que se modifica a Resolución do 21 de xaneiro de 2008 pola que se aproba o protocolo de actuación para o control na REMIP-Os *Miñarzos*

4. Para o control e seguimento das actividades na reserva mariña estarase ao disposto no artigo 10º do O *Decreto 87/2007, do 12 de abril*, modificado polo *Decreto 240/2008, do 2 de outubro* así como o disposto na *Orde do 27 de novembro de 2007, pola que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos*.

5. As zonas do plan de explotación que estean incluídas dentro da REMIP-Os *Miñarzos* serán xestionadas de conformidade co establecido no Plan de Xestión Integral ao que se fai mención no artigo 6º bis no *Decreto 87/2007, do 12 de abril*, modificado polo *Decreto 240/2008, do 2 de outubro*, unha vez que este sexa aprobado.

Deberán achegar a seguinte documentación:

- Coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009.